



OBRADOIROS MONOGRÁFICOS DE VERÁN 2021



TEATRO AUTOBIOGRÁFICO

Duración: 15 horas

Datas de celebración: do luns 28 ao mércores 30 de xuño

Lugar: Escola Municipal de Teatro, Avenida de Castelao, 87 (interior). 36209 Vigo

Hora: de 17:00 a 22:00 horas

Perfil do alumnado: dirixido a persoas maiores de 16 anos empadroados en Vigo

Mestres: Melania Cruz e Tito Asorey

Teléfono de contacto: 986 485 324 de luns a xoves de 17:00 a 20:30

Preinscricións: enviar un correo electrónico a em.teatro@vigo.org coa seguinte información: Nome, apelidos, DNI, data nacemento, enderezo, número de móbil, correo electrónico e nome do curso solicitado

Prazos de preinscrición:

- Preinscricións: do luns 24 de maio ao luns 14 de xuño
- Publicación de admitidos: mércores 16 de xuño
- Formalización de matrícula: do luns 21 ao venres 25 de xuño

Nº de prazas ofertadas:

Admitiranse un total de 10 persoas. O número mínimo para a formación do grupo será de 4 prazas.

No caso de que a demanda excedese á oferta de prazas, faríase un sorteo público o martes 15 de xuño ás 18:00 horas, nas instalacións da Escola Municipal de Teatro de Vigo.

Prezo: 26,00 euros



OBRADOIRO TEATRO AUTOBIOGRÁFICO

Este taller nace coa idea de crear un espazo no que conflúa o individual co colectivo, un lugar para iniciar procesos, para sementar futuros espectáculos, ou simplemente para establecer un encontro con diferentes creadores que confronten perspectivas escénicas partindo dun mesmo concepto: a reflexión sobre o fogar, sobre a raíz, sobre o que se supón que nos é propio.

Obxectivos xerais

- Crear un espazo creativo que permita reconstruír e construír vivencias a nivel persoal e colectivo.
- Poñer en valor a biografía persoal como posible material a partir do que poder construír dramaturxias escénicas.
- Potenciar a creatividade como elemento fundamental para a creación escénica.

Obxectivos específicos

- Reflexionar entorno ao concepto de identidade en base á confluencia e a diverxencia.
- Experimentar arredor de diversos mecanismos de creación colectiva que poidan enriquecer aos participantes a nivel persoal e creativo.
- Detectar cales poden ser os elementos que nos definen individual e colectivamente.
- Explorar temáticas sociopolíticas significativas que axuden a reconstruír e construír vivencias.
- Identificar aquelas experiencias persoais que poden ser únicas e universais ao mesmo tempo.
- Fomentar a creación de espazos comunitarios como lugares nos que compartir e aprender.

Metodoloxía didáctica

A metodoloxía será eminentemente aberta e participativa, fomentando a aprendizaxe cooperativa baseada na creatividade e no desenvolvemento do pensamento analítico e crítico, deixando así lugar para reflexionar sobre as cuestións expostas e traballadas.

Traballaremos a exploración do corpo e a voz como canles de expresión e comunicación, empregando tamén materiais persoais tales como fotografías, cartas, cancións, fragmentos de obras literarias, recortes de xornais ou produción de textos escritos a través dos que buscar e seleccionar elementos que poidan ser transformados en feito escénico.

O obradoiro está estruturado en tres fases:

1. Compilación e creación de materiais en base a unha serie de preguntas propostas polos docentes. A comunicación cos participantes nesta primeira fase será previa ao encontro persoal e físico e terá lugar vía correo electrónico.
2. Exploración colectiva arredor do termo “fogar”. Nesta segunda fase, a máis extensa e que ten lugar no encontro presencial cos participantes, exploraremos unha serie de dinámicas de creación individual e colectiva botando man de determinados materiais xerados na primeira fase, creando materiais novos a partir das propostas dos docentes así como de todos os participantes do obradoiro.



3. Creación de micropezas. Nesta terceira fase trataremos de dar forma a diferentes propostas escénicas individuais e/ ou colectivas a partir dos materiais creados e traballados nas dúas fases anteriores. Con este traballo pretendemos abrir novas perspectivas de creación que poidan desembocar na construción de pequenas mostras ou espectáculos sustentados en dramaturxias propias.

Todos os alumnos deben traer:

Roupa de traballo cómoda: mallas, chándal ou similares, zapatillas flexibles ou calcetíns antirrescorregadizos. Unha máscara posta e outra de reposto.

Currículo Melania Cruz

Diplomada en Maxisterio e Titulada Superior en Arte Dramática. Mestrado en Artes Escénicas. Comeza o seu contacto co mundo da interpretación da man de Marga Portomeñe e posteriormente pasa cinco anos na Aula de Teatro da USC no Campus de Lugo ata que decide especializarse en Interpretación Textual na ESAD de Galicia. Traballa en diferentes compañías de teatro (EscénaT, Teatro de Adro, CDG, Contraproducións) e cofunda xunto a catro compañeiros ilMaquinario Teatro. Dende 2008 desempeña o papel de axudante de dirección en Teatro Muxicas, colectivo pertencente ao Movemento Teatral ONCE, onde dirixe A Visita da Vella Dama en 2014. Ese ano debuta en audiovisual interpretando o papel de Raxada no filme A Esmorga, de Ignacio Vilar, con quen tamén traballa en Sicixia. Protagoniza as películas DHOGS de Andrés Goteira, e Arima de Jaione Camborda, e participa en Trote de Xacio Baño. Traballa nas series de televisión Urxencia Cero, Serramoura, Fontealba e Viradeira, e protagoniza o telefilme Contou Rosalía. En 2016 recibe o premio María Casares a Mellor Actriz Protagonista por Xardín Suspenso, e no 2018 o Mestre Mateo a Mellor Actriz Protagonista por DHOGS.

Currículo Tito Asorey

Licenciado en Historia e Arte Dramático (especialidade de Dirección de Escena). Mestrado en Artes Escénicas. Compaxina desde o ano 2000 a súa dobre faceta como actor e director de escena, tratando de establecer unha retroalimentación o máis fructífera posible entre estes dous oficios. Como actor estivo vinculado á compañía Sarabela Teatro dende o 2000 ao 2010, momento no que comeza a traballar en Ur Teatro, baixo a dirección de Helena Pimenta. A partir do 2014 centra a súa carreira como intérprete no mundo audiovisual, participando en series como Serramoura, El Final del Camino, Pazo de Familia, Viradeira e máis recentemente, Fariña. Como director foi responsable de máis de vintecinco espectáculos realizados con todo tipo de colectivos, tanto profesionais (Teatro de Adro, ilMaquinario Teatro, Centro Dramático Galego), como de carácter máis comunitario (teatro para a xuventude, teatro con invidentes, teatro documento, experiencias pedagóxicas...). Estivo vinculado á Compañía Nacional de Teatro Clásico durante os anos 2013-2014, na que ocupou o cargo de axudante de dirección e coordinador pedagóxico. Entre os galardóns que ten recibido destacan tres Premios nacionais de Teatro "Buero" (nos anos 2007, 2008 e 2010), así como cinco Premios María Casares (Mellor Actor Secundario, Mellor Iluminador, Mellor Adaptación, Mellor dirección e Mellor Espectáculo).

